





D. Xabier Vila-Coia,
Apartado de Correos, num. 26
28080 Madrid

Estimado Xabier:

En relación coa súa solicitude a través de diversos membros da RAG de incorporar ao *Dicionario da Real Academia Galega* a voz **antropoclasta**, creada por vostede mesmo, comunicolle o seguinte:

- a) o agradecemento da RAG pola súa achega, xa que a actualización do DRAG é un labor ao que todos debemos contribuír, e ademais neste caso estamos diante dun neoloxismo impecablemente formado.
- b) Que o Seminario de Lexicografía, na súa reunión do 19 de decembro de 2018 estudou a súa proposta.
- c) Que, despois dun demorado intercambio de opinións, todos os membros coincidiron na bondade da composición da palabra, e na congruencia entre significante e significado. Pero non se considerou pertinente incorporala de momento ao DRAG porque un dos criterios para darlle cabida a unha voz neste dicionario é que o termo acadase xa unha certa difusión social. Por iso acordou esperar a que esta voz teña unha maior implantación no uso antes de incorporala ao lemario do DRAG.

Reitérolle o agradecemento da RAG por facernos chegar a súa proposta, e felicitámolo pola súa creación, que esperamos ver axiña difundida e usada.
Envíolle un cordial saúdo.

GONZALEZ GONZALEZ
MANUEL - 33208406V

Firmado digitalmente por GONZALEZ GONZALEZ MANUEL - 33208406V
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=33208406V,
sn=GONZALEZ GONZALEZ, givenName=MANUEL, cn=GONZALEZ
GONZALEZ MANUEL - 33208406V
Fecha: 2019.04.08 12:47:36 +02'00'

Manuel González González
Coordinador do Seminario de Lexicografía
Real Academia Galega